

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/1	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación da modificación dos estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro»
<b>Data</b>	1 de febreiro de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 9:33 ata as 10:35 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Verónica Tourón Domínguez
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	NON
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 2885/2022. Aprobación da modificación dos estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Hoxe traemos a aprobación plenaria a modificación dos estatutos do Consorcio de Augas do Louro e creo que para que todos e todas teñamos un pouco contexto no que estamos mover, hai que explicar que os Estatutos do Consorcio publicáronse en febreiro do ano 2013, pero coa posterior Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local tiñan que sufrir unha modificación e realizar a adscrición do Consorcio ao Concello de O Porriño, co cal no ano 2015 se levou a pleno nos catro Concellos a modificación destes Estatutos, pero pasaron só os plenos de tres Concellos, Salceda, Mos e Tui e non foron respaldados no pleno de o Concello de O Porriño, que pedía máis peso nas votacións en atención a súa maior participación na financiación do Consorcio e por ter asumido a adscrición dende o ano 2015 co cal, o único que se aprobou naquel momento foi a adscrición do Consorcio ao Concello de O Porriño quedando a modificación dos Estatutos pendentes. Dende entón intentouse achegar acordos para que no pleno de O Porriño saíse adiante esta modificación pero non foi posible. Houbo varios intentos, no ano 2020 vólvese a abrir un expediente do que se da conta en xuño de 2021 e dende entón vólvese outra vez a traballar nese documento inicial e no Comité Directivo do 29 de agosto acórdase polos catro Alcaldes e Alcaldesas que o conformamos esta modificación, da que se continúa co texto inicial introducindo algunha modificación. A modificación baséase sobre todo no reparto de votos, dándolle máis peso a O Porriño como pedía dende un inicio e polas razóns antes expostas e que se explican no artigo 28 do documento que traemos hoxe aquí a aprobar, pasando o Concello de O Porriño a ter tres votos, seguindo os restantes Concellos e Augas de Galicia cos mesmos votos do documento inicial, é dicir, Tui, Mos e Salceda continuarían tendo como dende un principio un voto e Augas de Galicia tamén. En setembro, despois de aprobalo no Comité Directivo do 29 de agosto esta modificación, someteuse a exposición pública durante un mes este acordo que se obtivo por unanimidade no Comité Directivo do Consorcio, sen que houbera ningunha alegación a este documento, e hoxe o traemos aquí a aprobación plenaria, nun momento a día de



hoxe que xa está aprobado nos outros tres Concellos, Porriño, Mos e Tui, solo quedamos nós.

No expediente está toda a documentación, está o documento co que se viña traballando e tamén está este último no se traballou nos últimos meses para que poidades comparalos. O cambio que houbo dende a aprobación inicial en setembro foi que se incluíron as recomendacións feitas pola Directora Xeral da Administración Local, no informe emitido por ela, xa que como dicía antes non houbo outro tipo de alegacións. Iso é basicamente o percorrido que tivo este documento nas distintas datas resumidas e por iso estamos hoxe aquí.

**Sr. Rodríguez Davila:** Queremos unha vez máis manifestar o noso desacordo coa convocatoria deste pleno extraordinario, no horario, sen previo consenso con este grupo e tamén a data da comisión o pasado venres, unha vez máis o manifestamos para que quede constancia en acta, como nos sempre reclamamos que os plenos extraordinarios tiñan que ser nos mesmos horarios que os ordinarios.

Creo que isto é algo que xa ven de lonxe, onde había un posicionamento inicial dos diferentes Alcaldes e Alcaldesas naquel momento e como ben se dixo, quedou enriba da mesa por non aprobación por parte do Concello de O Porriño e polo tanto, na documentación está explícita e aquí o tema de reparto en canto a aportación que fai cada Concello está explícito nos documentos e nos informes, así como tamén a ponderación dos votos en función desa aportación e incluso eu me atrevería a dicir que tamén non estaría fora de lugar e sería “xusto” por dicilo de algunha maneira que o Concello de Tui puidera ter algún voto máis pola aportación que fai. Creo que iso sería o coherente e o sensato e polo tanto o demais é opinable como todo, pero creo que a coherencia e sobre todo a sensatez á hora de ser xustos no tema de ponderación de voto creo que queda manifesta neste documentos e creo que o que temos que facer é respaldalo e traballar conxuntamente para seguir mellorando o Consorcio e polo tanto, seguir mellorando o servizo que lle da o Consorcio a todos e cada un dos veciños dos catro Concellos, este Grupo vai votar a favor deste documento.

**Sra. Castiñeira Alén:** Por contextualizar, o pasado mércores tivo lugar a Comisión Informativa que se celebra previa ao pleno na que a Alcaldía propuña a aprobación da modificación do estatutos do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da Auga do Louro e tanto esta portavoz que vos fala como o meu compañeiro Miguel, Concelleiro de Servizos Municipais e membro tamén da Comisión, coñecíamos que era necesaria esta modificación porque era preciso recoller o dereito de separación, un cambio legal de 2014, que tamén recollía entre outras cousas, a creación dun novo Consello, o Consello reitor, formado por Presidencia, Secretaría e Xerencia, o que non coñecíamos era o alcance real das consecuencias da aprobación desta modificación. Na modificación estatutaria que hoxe se trae a pleno preténdese deixar a Salceda no esquecemento, na cola do saneamento das súas parroquias. Por unha banda, no artigo 28 recóllese que o Concello de O Porriño, en atención a súa



maior participación na financiación no Consorcio e por ter asumido a adscrición do Consorcio dende o 2015, pasa a ter tres votos mentres que Mos, Tui e Salceda terán un cada un. Deste xeito Porriño pasa a ter practicamente o control do comité, onde se aproban proxectos, investimentos, estudos, obras, entre outras cousas. Movemento Salceda podería entender que sumase dous votos Porriño por ter precisamente esa responsabilidade de adscrición ao Consorcio pero nunca tres, nin por ese nin por calquera outro motivo que dinamita o principio de solidariedade entre os Concellos membros. Por outra banda, o que consideramos sumamente grave para Salceda e nós defendemos os intereses de Salceda por riba de todo, é que neste Estatutos establécense as porcentaxes de diñeiro que disporán os Concellos para inversións de saneamento en función dos ingresos que cada Concello aporta ao Consorcio do Louro, ven recollido no artigo 30 e artigo 32, Porriño 154,2%, 2.300.000€; Tui 25%, 1.063.000€; Mos 11,7% 497.000€ e Salceda o 9% 384.000€. Conclusións, óbviase en primeiro lugar o criterio de solidariedade e equidade e lealdade e o de todos somos un da constitución do Consorcio do 2013, parece que xa se esqueceu o pactado de ir executando os proxectos establecidos no inventario de necesidades en base ao número máximo de vivendas saneadas por euros de custe independente do Concello que fose tamén se esqueceu. Segundo, Salceda é o Concello menos saneado dos catro, con dúas parroquias Soutelo e Entenza sen saneamento, por certo, sen saneamento por incumprimento da Xunta da non aportación do 20% de fondos restantes que ía aportar naquel momento a través de fondos Europeos, si naquel momento a Xunta houbera cumprido con Salceda e non se devolvese o diñeiro de Europa para este proxecto, hoxe a situación sería ben distinta, teríamos moitas máis vivendas conectadas e máis ingresos, ou dito doutra maneira, os ingresos sempre van ser menores ao ter menos casas conectadas, iso é a pescadilla que se morde constantemente o rabo. Se non ingresamos, segundo o Consorcio, non podemos dispor do diñeiro para sanear, cantas máis inversións, cantos máis enganches teñen máis ingresos, loxicamente, e nós no vagón da cola da Comarca. Loxicamente comprenderedes que non íamos quedar calados en silencio ante isto, é posible que non logremos cambiar nada porque xa manifestastes o voso voto a favor pero non imos mirar para outro lado. Como apunte, no Pleno de Tui o seu Alcalde, Enrique Cabaleiro, ex-concelleiro de Medio Ambiente no noso Concello 2007-2011, recoñeceu que Tui foi o Concello que máis inversión obtivo do Consorcio e que era inxusto que Salceda tivese dúas parroquias sen saneamento, isto dixo Enrique Cabaleiro en sesión plenaria de fai uns días. Terceiro, con referencia ao Consorcio, Salceda precisa un mecanismo de compensación que permita por ese compromiso de solidariedade co Concello máis pequeno, creo que se fai así tamén no Goberno Central co reparto do diñeiro das autonomía. Precisamos ese mecanismo de compensación que nos permita que aumente a nosa rede de saneamento, polo tanto a nosa capacidade de ingresos no Consorcio e con respecto ao saneamento ademais, temos moito que falar a parte disto, porque non pode ser unha promesa electoral máis. Todos e todas, goberno e oposición, temos que pornos as pilas porque a veciñanza así nolo está esixindo día a día, pero hoxe estamos nun punto concreto do Pleno, quero facer unha serie de propostas: Primeiro, creo que sería necesario comparar os investimentos executados dende a constitución do



Consortio en 2013 e cando menos que a Salceda lle corresponda esa porcentaxe de participación absorbendo o agravio e a débeda histórica co noso Concello. Segundo, creo necesario un mecanismo de compensación para o déficit de saneamento no noso Concello e terceiro, propoño deixar o punto da orde do día sobre a mesa para voltar a negociar e que Salceda acade un mellor trato.

Levo dito en moitas ocasións que a razón de ser de Movemento Salceda é defender os intereses dos veciños e veciñas do noso Municipio por encima de calquera outro interese partidario ou partidista e por iso, por todas esas razóns que acabo de expoñer, imos votar en contra. Antes de que comecen as especulacións varias queremos deixar claro que non é un voto en contra nin de Porriño, nin contra Mos, nin contra Tui, nin é un voto en contra da proposta da Alcaldesa, nin contra o PP que goberna Porriño e Mos, ou o PSOE, senón que é votar en contra dunha modificación dos estatutos do Consorcio de Augas do Louro que é claramente denigrante, inxusto e prexudicial para a nosa xente no que respecta ao seu dereito de saneamento e que creo que todos e todas aquí presentes deberamos defender. En definitiva, é negativo para Salceda, e digo Movemento Salceda non é desleal con ningún partido político que forma esta Corporación, nin é desleal co Consorcio nin cos demais Concellos, Movemento Salceda é leal coa veciñanza.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que hai que ter claras varias cousas, primeiro o Consorcio moi a pesar do que nos pese e do que nos gustaría, o Consorcio a súa función principal non está en facer inversións, está en cobrar a taxa e en prestar o servizo como todos e todas sabemos os que estamos neste Pleno. As taxas non son impostos e as taxas teñen que cubrir o servizo e investirse nese servizo, non cobrar por encima para despois investir, co cal a función do Consorcio non é esa. Realmente estes Estatutos non veñen a aprobar o porcentaxe que Salceda vai a ter do Consorcio en inversión, todos e todas sabemos, é máis, as Alcaldías que pasaron antes polo Consorcio, que as decisións se toman no Comité directivo. Cando tiñamos un voto todo os Concellos e Augas de Galicia en ningún caso saíu máis ou menos beneficiada Salceda por ter un voto, sempre se chegaron a acordos e entendo que iso é a política, chegar a acordos, e máis en organismos como este tipo.

Nos Estatutos que traemos hoxe a aprobación tráese a título informativo a porcentaxe que temos nos ingresos ou que cada Concello aporta aos ingresos á financiación do Consorcio, pero a título informativo, tense en conta, fala nun artigo, que para o servizo tal efecto o importe das inversións que destina o Consorcio en cada Concello deberá ser proporcional á participación, pero as aprobacións son por Comité directivo igual que se aprobou por Comité directivo cando tiñamos un voto cada un, que se distribuíse o remanente que agora se vai investir, que por certo, durante todo o tempo anterior non se chegaba a acordos para investir o remanente e se chegou a acordos para investir o remanente, gracias a iso Salceda vai a ter a execución do proxecto de Ataúde e vai a ter a redacción dos proxectos de Santa María, Presa e de Outeiro e de Loureiro-Picoña. Creo que hai que chegar a acordos e se demostrou que os catro Alcaldes de distintas cores independente de que



esteamos en precampaña electoral fomos quen de chegar a acordos para quitar uns Estatutos do Consorcio do Louro adiante por e para a veciñanza dos catro Concellos. Iso non significa que aquí haxa salvadores dun Concello, doutro ou os que cheguemos a acordos non defendemos os dereitos dos veciños e das veciñas, por suposto que defendemos os dereitos dos veciños e das veciñas, e o que dixo o Alcalde de Tui, moi ben dito, o dixo porque no Comité directivo esta Alcaldesa defendeu as inversións para Salceda, que máis alá de si un Concello ten a adscrición e que ten a xestión teña máis votos ou menos votos se chegaron a acordos, e máis, se chegaron a acordos co principio de solidariedade de que si non chegaba ese porcentaxe para o que quería facer Salceda, os outros Concellos ían a axudar para que se puideran levar a cabo. Creo que é un tema se leva tratado por todas as Alcaldías que levan pasado polo Consorcio e que é un documento inicial que recibiu dúas modificacións. Creo que se debería respectar o acordo tomado polos catro Alcaldes e Alcaldesas que pertencemos ao Consorcio de Augas do Louro, Salceda, Mos, Porriño e Tui igual que fixeron xa os outros tres Concellos en Pleno anteriormente que nós.

**Sr. Rodríguez Davila:** O populismo e o oportunismo e a demagogia está instalada dende fai tempo en Movemento Salceda, e unha vez máis, demostran a incoherencia porque vostedes levan gobernando dende o ano 2007 e vostedes, e vostede está no goberno e foi membro do goberno onde se consensuou o 99% deste documento, e vostedes que están no goberno que teñen dedicación e teñen todo o tempo do mundo non presentaron ningunha alegación na exposición pública a este documento, porqué non o fixeron? Si tal mal está ese documento e ese acordo, onde estiveron vostedes, e agora veñen aquí salvadores de que? Demagogia, un voto populista e demagogia. Vostedes son os responsables dun goberno de moito tempo que non investiron o suficiente en saneamento, porque a competencia lle recordo que é da administración local, e vostedes deciden investir noutras cuestións necesarias ou non, pero non en saneamento. Canto levan investido vostedes dende o goberno que forman parte en saneamento do Plan Concellos? Qué é máis importante, facer colectores pequenos de 50 ou 100 mil euros ou facer obras non tan prioritarias nin necesarias ou despilfarrar miles de euros en sentencias xudiciais, en gastos populistas e propagandísticos, gastar 20.000€ todos os anos en vídeos, en redes sociais. A vostede que máis lle da e agora din que a culpa é dos demais en non ter saneamento, claro que somos o Concello que menos saneamento ten, claro, entre outras cousas por ter un goberno que non inviste o suficiente en saneamento, en outras cousas por mentir e enganar os veciños reiteradamente durante moitos anos respecto do saneamento. Mire, *“o saneamento das parroquias de Soutelo e Entenza vai ser unha realidade no ano 2015, grazas ao financiamento co remanente dos fondos Europeos de 2007-2013 estás obras contan con un orzamento de 2.156.000€ e van a ser executadas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil”*, iso dicían vostedes no ano 2015. *“As previsións apuntan a licitación do proxecto que pasou o trámite de información pública no BOE a finais deste ano por subasta pública para iniciar as obras en torno a marzo-abril do 2015, en todo caso as obras terán que estar rematadas en novembro do 2015 e van a dar servizo a máis de 350*



*vivenda en Entenza e Soutelo". Ou sexa, a previsión era que en marzo-abril de 2015 se licitaran as obras, en novembro tiñan que estar rematadas, vostedes son uns fenómenos porque resulta que votan máis de seis meses para facer un tramo de cen metro nunha rúa de Salceda e ían facer o saneamento de Soutelo-Entenza en sete meses, increíble pero "o feito de que Salceda forme parte do Consorcio de Augas do Louro foi clave para ter acceso ao funcionamento do proxecto un paso máis no obxectivo deste goberno", bla, bla, resulta que foi clave o Consorcio tendo un único voto, e agora resulta que o Consorcio xa en fin... Hai que ser un pouco máis coherentes e serios e sobre todo saber actuar con responsabilidade, cando se está gobernando e tendo a Alcaldía e cando se está gobernando e non tendo a Alcaldía. O que non se pode facer é populismo e demagogia nun tema tan serio como este, hai que ser serios e deixar de enganar aos veciños como levan feito vostedes nos últimos anos, enganando respecto do saneamento e todos e cada unha, e recórdolle que o saneamento é responsabilidade do goberno municipal e vostedes levan moitos anos neste goberno enganando aos veciños respecto do saneamento.*

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura da proposta de acordo, seguinte:

*"Visto que o Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, do que forma parte o Concello de Salceda de Caselas, reunido en sesión extraordinaria o día 29 de agosto de 2022, acordou a aprobación inicial da modificación dos seus Estatutos.*

*Visto que en data 22.12.2022 recibíuse o expediente completo para a súa aprobación polo Pleno municipal.*

*Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2023-0001 e no informe de Intervención núm. 2023-003.*

*Visto que polo Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro remitiuse en data 17.01.2023 (Rex. Núm. 2023-E-RC-290) o texto dos estatutos que debe someterse aos plenos dos concellos consorciados, asinados polo Presidente e o Secretario do Consorcio en data 16.01.2023, incluíndo as correccións suxeridas no informe emitido pola directora xeral de Administración Local en data 17.10.2022*

*Visto que o artigo 143 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece que o expediente de modificación dos estatutos someterase aos plenos dos Concellos consorciados e a adopción do devandito acordo requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das Corporacións.*

*De conformidade co disposto no artigo 22.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO:*

**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación dos estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo



*Urbano da Auga do Louro co texto remitido polo Consorcio en data 17.01.2023 (Rex. Núm. 2023-E-RC-290).*

**SEGUNDO:** *Dar traslado do presente acordo ao Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro."*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CATRO VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Movemento Salceda, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación dos estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro co texto remitido polo Consorcio en data 17.01.2023 (Rex. Núm. 2023-E-RC-290).

**SEGUNDO:** Dar traslado do presente acordo ao Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

